XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

DOCUMENTO:

PROXECTO DE EXPLOTACIÓN

ACTUACIÓN:

PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

OBXECTO:

SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE USO XERAL DE VIAXEIROS POR ESTRADA

CLAVE:	TÍTULO:
XG847	COMARCA DO BARBANZA

DATA:

MARZO 2026

Xacobeo 2027

TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

1 MEMORIA 5
1.1 INTRODUCCIÓN 5
1.2 XUSTIFICACIÓN 6
1.2.1 DESCRIPCIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL DO SERVIZO 6
1.2.2 NECESIDADE DO SERVIZO 13
1.3 TRÁFICOS A REALIZAR 14
1.4 PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO 14
1.5 EVOLUCIÓN DA DEMANDA 14
1.5.1 DEMANDA ACTUAL DE MOBILIDADE 14
1.5.2 EVOLUCIÓN PREVISTA DA DEMANDA 15
1.6 VIABILIDADE 18
1.6.1 VIABILIDADE E SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA 19
1.6.2 VIABILIDADE TÉCNICA 19
1.6.3 VIABILIDADE OPERACIONAL 19
1.6.4 VIABILIDADE AMBIENTAL 19
1.6.5 VIABILIDADE SOCIAL 19
1.7 CONDICIÓNS DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS 20
1.7.1 RÉXIME DE EXPLOTACIÓN 20
1.7.2 VEHÍCULOS 20
1.7.3 RECURSOS HUMANOS 20
1.7.4 INSTALACIÓNS 21
1.7.5 TARIFAS 21
1.7.6 SISTEMAS TECNOLÓXICOS REQUIRIDOS 23
1.7.7 TRANSPORTE INTEGRADO 24
1.7.7.1 CENTROS EDUCATIVOS ATENDIDOS 24
1.7.7.2 RÉXIME DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS 24
1.7.8 TRANSPORTE BAIXO DEMANDA 24
1.7.9 SUCESIÓN DE EMPRESAS 24
1.8 TIPO DE ADXUDICACIÓN PROPOSTA 24
2 ANEXOS 25
2.1 TRÁFICOS 26
2.2 LIÑAS E RUTAS 30
2.2.1 LIÑAS 30
2.2.2 RUTAS 32
2.3 PARADAS 34
2.4 EXPEDICIÓNS E CALENDARIOS 58
2.4.1 CADRO XERAL DE EXPEDICIÓNS 58
2.4.2 EXPEDICIÓNS INTEGRADAS 86

2.4.3 ABREVIATURAS EMPREGADAS 92
2.5 CATÁLOGO DE PUNTOS DE PARADA 93
2.6 CENTROS EDUCATIVOS 105
2.7 PERSOAL A SUBROGAR 106
3 ESTUDO ECONÓMICO-FINANCEIRO 111
3.1 OBXECTO E ESTRUTURA 111
3.1.1 ESTRUTURA DE CUSTOS 111
3.1.2 ESTRUTURA DE INGRESOS 113
3.1.3 OUTROS CONCEPTOS 114
3.2 DATOS DE PARTIDA 115
3.2.1 DATOS XERAIS 115
3.2.1 DATOS DE DEMANDA E INGRESOS 116
3.2.3 DATOS DOS VEHÍCULOS 122
3.3 DATOS DO PROXECTO DE EXPLOTACIÓN 122
3.3.1 DATOS DA OFERTA DE SERVIZOS 123
3.3.2 DATOS DOS VEHÍCULOS E DO PERSOAL 124
3.3.3 DATOS DA DEMANDA E OUTROS INGRESOS 125
3.4 CONTA DE PERDAS E GANANCIAS 126
3.4.1 CONTA XERAL 126
3.4.2 ACTUALIZACIÓNS 127
3.4.3 RATIOS 128
3.5 CONCLUSIÓNS 129
4 PLANOS 130

1 MEMORIA

1.1 INTRODUCCIÓN

Este Proxecto de Explotación describe e xustifica as condicións técnicas, económicas, ambientais e sociais da explotación do servizo de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, de carácter interurbano, de clave e título XG847 / Comarca do Barbanza.

Os servizos de transporte deste Proxecto de Explotación realizaranse no ámbito territorial dos concellos de Ames, Boiro, Dodro, Lousame, Noia, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Santiago e Compostela e Teo.



Para os efectos do artigo 78 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres (en diante, LOTT), a concesión de servizo que se derive deste Proxecto de Explotación terá a consideración de zonal.

Tratándose dunha concesión de servizos de tipo zonal, este Proxecto de Explotación fará a función de Plan de Explotación ó que se refire o artigo 79 da LOTT.

O ámbito zonal no que se prestarán os servizos con carácter zonal, de acordo co artigo 78 da LOTT, é o constituído polos termos municipais dos concellos de Boiro, Dodro, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira. Os servizos prestados fora destes termos municipais, e que tamén veñen previstos neste Proxecto de Explotación, teñen a consideración de servizos lineais.

1.2 XUSTIFICACIÓN

1.2.1 DESCRIPCIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL DO SERVIZO

O ámbito territorial do presente proxecto está centrado funcionalmente na comarca do Barbanza, en Porto do Son e nos municipios nos eixos de conexión con Santiago de Compostela.

Dende un punto de vista económico, o Barbanza destaca pola súa importancia relativa á actividade pesqueira, xa sexan aquelas dedicadas directamente á extracción da materia prima e á súa comercialización, transformación ou a fabricación de maquinaria ou elementos destinados a servir de soporte aos profesionais do sector.

Ademais dos municipios costeiros, o ámbito integra tamén municipios de interior, nos que destaca pola súa impor5tancia relativa Santiago de Compostela, tanto en poboación coma en superficie. E o maior polo de atracción de viaxes, tanto de alcance provincial coma autonómico (centros administrativos, centros hospitalarios, centros educativos e universidade, áreas comerciais, industriais...).

A cidade de Santiago determina unha parte das relacións de mobilidade do presente proxecto, as de tipo intercomarcal. Non obstante, neste ámbito teñen tamén gran importancia aquelas de tipo comarcal e municipal, debido aos múltiples lazos económicos existentes entre os municipios que o conforman.

Nas seguintes táboas móstranse os principais datos das poboacións que compoñen o ámbito territorial do Proxecto de Explotación:

ID	Concello	Poboación (2024)	Poboación (2014)	Taxa de crecemento anual 14-24	Superficie (km²)	Densidade (hab/km²)
15002	Ames	32.812	29.975	0,91%	80,10	409,64
15011	Boiro	19.018	19.060	-0,02%	86,58	219,66
15033	Dodro	2.620	2.913	-1,05%	36,12	72,54
15042	Lousame	3.099	3.513	-1,25%	93,65	33,09
15057	Noia	14.092	14.571	-0,33%	37,21	378,72
15065	Padrón	8.256	8.693	-0,51%	48,37	170,68
15067	A Pobra do Caramiñal	9.184	9.672	-0,52%	32,51	282,50
15071	Porto do Son	9.064	9.571	-0,54%	94,58	95,83
15072	Rianxo	10.748	11.479	-0,66%	58,79	182,82
15073	Ribeira	27.111	27.565	-0,17%	68,83	393,88
15074	Rois	4.395	4.767	-0,81%	92,93	47,29
15078	Santiago de Compostela	99.536	95.800	0,38%	220,01	452,42
15082	Teo	19.045	18.254	0,43%	79,25	240,32
	Total	**258.980**	**255.833**	**0,12%**	**1.028,93**	**251,70**

ID	Concello	PIB (2020)	PIB/hab. (2020) (€/hab)	Renda bruta media (2022) (€/hab)	Renda dispoñible media (2022) (€/hab)
15002	Ames	482.207 €	15.192 €	17.158 €	13.963 €
15011	Boiro	346.938 €	18.519 €	14.750 €	12.620 €
15033	Dodro	37.428 €	13.249 €	14.000 €	12.154 €
15042	Lousame	39.997 €	11.788 €	13.549 €	11.878 €
15057	Noia	223.716 €	15.680 €	14.846 €	12.643 €
15065	Padrón	348.483 €	41.670 €	15.574 €	13.077 €
15067	A Pobra do Caramiñal	188.509 €	20.616 €	15.144 €	12.855 €
15071	Porto do Son	117.231 €	12.992 €	14.135 €	12.059 €
15072	Rianxo	130.746 €	12.109 €	13.693 €	11.918 €
15073	Ribeira	528.619 €	19.624 €	14.622 €	12.264 €
15074	Rois	60.268 €	13.150 €	13.998 €	12.074 €
15078	Santiago de Compostela	3.592.641 €	36.229 €	20.431 €	16.373 €
15082	Teo	257.732 €	13.666 €	18.485 €	15.027 €

A continuación, indícanse os principais centros de atracción e xeración de viaxes que se sitúan no ámbito territorial do Proxecto de Explotación:

Denominación	Actividade	Concello	Provincia
Concello da Pobra do Caramiñal	Administrativa	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
CEP Plurilingüe Pilar Maestu Sierra	Educativa	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
IES da Pobra do Caramiñal	Educativa	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
EEI Fernández Varlaa	Educativa	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
CEP Plurilingüe Salustiano Rey Eiras	Educativa	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
Praia do Areal	Entretenemento	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
Mirador da Curota	Entretenemento	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
Clube de Remo Puebla	Entretenemento	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
Clube Náutico Pobra	Entretenemento	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
Polígono Industrial da Tomada	Industrial	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
Porto de Pobra do Caramiñal	Primaria/Entretenemento	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal	Sanitaria	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
Estación Autobuses A Pobra do Caramiñal	Transporte	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
Concello de Ames	Administrativa	Ames	A Coruña
Polígono Industrial Novo Milladoiro	Comercial/Industrial	Ames	A Coruña
IES do Milladoiro	Educativa	Ames	A Coruña
IES Plurilingüe de Ames	Educativa	Ames	A Coruña
CEIP Agro do Muíño	Educativa	Ames	A Coruña
CEIP de Barouta	Educativa	Ames	A Coruña
CEIP Plurilingüe de Ventín	Educativa	Ames	A Coruña
CEIP A Maía	Educativa	Ames	A Coruña
EEI do Milladoiro	Educativa	Ames	A Coruña
Escola Municipal de Música de Ames	Educativa	Ames	A Coruña
Centro Deportivo A Telleira	Entretenemento	Ames	A Coruña
Hípica Mahía	Entretenemento	Ames	A Coruña

Denominación	Actividade	Concello	Provincia
Real Aeroclube de Santiago - Cidade Deportiva	Entretenemento	Ames	A Coruña
Centro de Saúde de Bertamiráns	Sanitaria	Ames	A Coruña
Centro Médico do Milladoiro	Sanitaria	Ames	A Coruña
Concello de Boiro	Administrativa	Boiro	A Coruña
IES A Cachada	Educativa	Boiro	A Coruña
CEIP Santa Baia	Educativa	Boiro	A Coruña
IES Espiñeira	Educativa	Boiro	A Coruña
IES Praia Barraña	Educativa	Boiro	A Coruña
CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	Educativa	Boiro	A Coruña
CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Educativa	Boiro	A Coruña
CEIP de Escarabote	Educativa	Boiro	A Coruña
CEIP de Pazos-Comoxo	Educativa	Boiro	A Coruña
CEIP Plurilingüe Santa María do Castro	Educativa	Boiro	A Coruña
CEIP Plurilingüe de Cespón	Educativa	Boiro	A Coruña
Praia de Barraña	Entretenemento	Boiro	A Coruña
Praia de Carragueiros	Entretenemento	Boiro	A Coruña
Clube Náutico Boiro-Marina	Entretenemento	Boiro	A Coruña
Clube Náutico Deportivo Barraña	Entretenemento	Boiro	A Coruña
Polígono Industrial de Espiñeira	Industrial	Boiro	A Coruña
Porto de Cabo de Cruz	Primaria	Boiro	A Coruña
Porto de Escarabote	Primaria/Entretenemento	Boiro	A Coruña
Centro de Saúde de Boiro	Sanitaria	Boiro	A Coruña
Centro de Saúde de Cabo de Cruz	Sanitaria	Boiro	A Coruña
Concello de Dodro	Administrativa	Dodro	A Coruña
CPI Purilingüe Eusebio Lorenzo Baleirón	Educativa	Dodro	A Coruña
Centro de Saúde de Dodro	Sanitaria	Dodro	A Coruña
Concello de Lousame	Administrativa	Lousame	A Coruña
Museo das Minas de San Finx	Cultural	Lousame	A Coruña
CEIP Cernadas de Castro	Educativa	Lousame	A Coruña
Pavillón e Piscina municiapl de Lousame	Entretenemento	Lousame	A Coruña
Centro de Saúde de Lousame	Sanitaria	Lousame	A Coruña
Concello de Noia	Administrativa	Noia	A Coruña
Teatro Noela	Cultural	Noia	A Coruña
Museo do Mar	Cultural	Noia	A Coruña
Noia Histórica	Cultural	Noia	A Coruña
CPR Plurilingüe Jaime Balmes	Educativa	Noia	A Coruña
CPR Plurilingüe María Assumpta	Educativa	Noia	A Coruña
IES Campo de San Alberto	Educativa	Noia	A Coruña
IES Virxe do Mar	Educativa	Noia	A Coruña
CEIP Felipe de Castro	Educativa	Noia	A Coruña
CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso	Educativa	Noia	A Coruña
Conservatorio Profesional de Música Felipe Paz Carbajal	Educativa	Noia	A Coruña
Escola Oficial de Idiomas de Noia	Educativa	Noia	A Coruña
Campo de Fútbol de San Lázaro	Entretenemento	Noia	A Coruña
Estadio de Atletismo de San Lázaro	Entretenemento	Noia	A Coruña

Denominación	Actividade	Concello	Provincia
Central Eléctrica do Tambre	Entretenemento	Noia	A Coruña
Praia de Testal	Entretenemento	Noia	A Coruña
Pabellón Municipal Agustín Mourís	Entretenemento	Noia	A Coruña
Polígono Industrial de Agualevada	Industrial	Noia	A Coruña
Porto de Testal	Primaria	Noia	A Coruña
Centro de Saúde de Noia	Sanitaria	Noia	A Coruña
Casa do Mar	Sanitaria	Noia	A Coruña
Unidade Preventiva de Asistencia U.P.A.D.	Sanitaria	Noia	A Coruña
Estación de Autobuses de Noia	Transporte	Noia	A Coruña
Concello de Padrón	Administrativa	Padrón	A Coruña
Parque Empresarial da Picaraña	Comercial/Industrial	Padrón	A Coruña
Polígono Industrial de Pazos	Comercial/Industrial	Padrón	A Coruña
Parque Empresarial da Picusa	Comercial/Industrial	Padrón	A Coruña
Casa Museo Rosalía de Castro	Cultural	Padrón	A Coruña
Xardín Botánico-Artístico	Cultural	Padrón	A Coruña
IES Camilo José Cela	Educativa	Padrón	A Coruña
IES Macías o Namorado	Educativa	Padrón	A Coruña
CEIP Flavia	Educativa	Padrón	A Coruña
CEIP Rosalía de Castro	Educativa	Padrón	A Coruña
Centro de Saúde de Padrón	Sanitaria	Padrón	A Coruña
Estación de Autobuses de Padrón	Transporte	Padrón	A Coruña
Estación de FF.CC. de Padrón	Transporte	Padrón	A Coruña
Estación de FF.CC. do Barbanza	Transporte	Padrón	A Coruña
Concello de Porto do Son	Administrativa	Porto do Son	A Coruña
Castro de Baroña	Cultural	Porto do Son	A Coruña
IES de Porto do Son	Educativa	Porto do Son	A Coruña
CEIP Plurilingüe de Campanario	Educativa	Porto do Son	A Coruña
CEIP Plurilingüe de Sobrado-Nebra	Educativa	Porto do Son	A Coruña
CEIP Santa Irene	Educativa	Porto do Son	A Coruña
CEIP de Portosín	Educativa	Porto do Son	A Coruña
CEIP Plurilingüe Xuño	Educativa	Porto do Son	A Coruña
Praia de Aguieira	Entretenemento	Porto do Son	A Coruña
Real Clube Náutico de Portosín	Entretenemento	Porto do Son	A Coruña
Praia de Coira	Entretenemento	Porto do Son	A Coruña
Praia Aguieira	Entretenemento	Porto do Son	A Coruña
Campamento Xuvenil Virxe de Loreto	Entretenemento	Porto do Son	A Coruña
Clube de Surf Arealonga	Entretenemento	Porto do Son	A Coruña
Praia de Baroña	Entretenemento	Porto do Son	A Coruña
Praia das Furnas	Entretenemento	Porto do Son	A Coruña
Porto de Portosín	Primaria/Entretenemento	Porto do Son	A Coruña
Porto de Porto do Son	Primaria/Entretenemento	Porto do Son	A Coruña
Centro de Saúde de Porto do Son	Sanitaria	Porto do Son	A Coruña
Consultorio de Portosin	Sanitaria	Porto do Son	A Coruña
Centro de Saúde de Xuño	Sanitaria	Porto do Son	A Coruña
Concello de Rianxo	Administrativa	Rianxo	A Coruña
IES Félix Muriel	Educativa	Rianxo	A Coruña

Denominación	Actividade	Concello	Provincia
CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Educativa	Rianxo	A Coruña
CEP Xosé María Brea Segade	Educativa	Rianxo	A Coruña
CEIP Ana María Diéguez	Educativa	Rianxo	A Coruña
Clube Náutico de Rianxo	Entretenemento	Rianxo	A Coruña
Polígono Industrial de Té	Industrial	Rianxo	A Coruña
Porto de Rianxo	Primaria	Rianxo	A Coruña
Centro de Saúde de Rianxo	Sanitaria	Rianxo	A Coruña
Consultorio Rutral de Taragoña	Sanitaria	Rianxo	A Coruña
Concello de Ribeira	Administrativa	Ribeira	A Coruña
Dolmen de Axeitos	Cultural	Ribeira	A Coruña
ESCO Oficial Naútico-Pesqueira	Educativa	Ribeira	A Coruña
CEIP de Olveira	Educativa	Ribeira	A Coruña
CEIP Plurilingüe de Frións	Educativa	Ribeira	A Coruña
CEIP Plurilingue de Palmeira	Educativa	Ribeira	A Coruña
CEIP Plurilingüe de Artes	Educativa	Ribeira	A Coruña
CEIP Heroínas de Sávora	Educativa	Ribeira	A Coruña
IES Leliadoura	Educativa	Ribeira	A Coruña
EEI Capela-Carreira	Educativa	Ribeira	A Coruña
EEI de Corrubedo	Educativa	Ribeira	A Coruña
CPR Plurilingüe La Milagrosa-Josefa Sobrido	Educativa	Ribeira	A Coruña
CEIP Plurilingüe O Grupo	Educativa	Ribeira	A Coruña
CIFP Coroso	Educativa	Ribeira	A Coruña
EEU Deán Grande	Educativa	Ribeira	A Coruña
IES N11	Educativa	Ribeira	A Coruña
CEP Plurilingüe de Carreira	Educativa	Ribeira	A Coruña
EEI de Bretal-Olveira	Educativa	Ribeira	A Coruña
Conservatorio Profesional de Música de Ribeira	Educativa	Ribeira	A Coruña
Centro de Recursos da Asociación Ambar	Educativa	Ribeira	A Coruña
Parque Natural das Dunas de Corrubedo e das Lagoas de Carregal	Entretenemento	Ribeira	A Coruña
Praia de Coroso	Entretenemento	Ribeira	A Coruña
Porto Deportivo de Ribeira	Entretenemento	Ribeira	A Coruña
Complexo deportivo Municipal A Fieiteira	Entretenemento	Ribeira	A Coruña
Praia de Areeiros	Entretenemento	Ribeira	A Coruña
Clube de Remo Náutico de Ribeira	Entretenemento	Ribeira	A Coruña
Praia de Ladeira	Entretenemento	Ribeira	A Coruña
Polideportivo Torres Colomer	Entretenemento	Ribeira	A Coruña
Polígono Industrial do Xarás	Insdustrial	Ribeira	A Coruña
Porto de Palmeira	Primaria	Ribeira	A Coruña
Porto de Aguiño	Primaria	Ribeira	A Coruña
Porto de Ribeira	Primaria/Transporte	Ribeira	A Coruña
Centro de Saúde de Ribeira	Sanitaria	Ribeira	A Coruña
Casa do Mar de Aguiño	Sanitaria	Ribeira	A Coruña
Casa do Mar de Palmeira	Sanitaria	Ribeira	A Coruña
Casa do Mar de Corrubedo	Sanitaria	Ribeira	A Coruña
Hospital do Barbanza	Sanitaria	Ribeira	A Coruña

Denominación	Actividade	Concello	Provincia
Unidade de Condutas Aditivas de Ribeira	Sanitaria	Ribeira	A Coruña
Concello de Rois	Administrativa	Rois	A Coruña
CEIP do Piñeiro	Educativa	Rois	A Coruña
CEIP de Sisto	Educativa	Rois	A Coruña
CPI Plurilingüe dos Dices	Educativa	Rois	A Coruña
CEIP Plirilingüe de Pumar-Urdilde	Educativa	Rois	A Coruña
ESMU Municipal de Rois	Educativa	Rois	A Coruña
Clube de Golf Val de Rois	Entretenemento	Rois	A Coruña
Polígono Industrial Sobre das Grelas	Insdustrial	Rois	A Coruña
Centro de Saúde de Rois	Sanitaria	Rois	A Coruña
Consultorio de Urdilde	Sanitaria	Rois	A Coruña
Concello de Santiago / Pazo de Raxo	Administrativa	Santiago de Compostela	A Coruña
Xunta de Galicia / Edificio Adm. San Caetano	Administrativa	Santiago de Compostela	A Coruña
Parlamento de Galicia	Administrativa	Santiago de Compostela	A Coruña
Centro Comercial As Cancelas	Comercial	Santiago de Compostela	A Coruña
Centro Comercial Área Central	Comercial	Santiago de Compostela	A Coruña
Parque Empresarial do Tambre	Comercial/Industrial	Santiago de Compostela	A Coruña
Parque Empresarial Costa Vella	Comercial/Industrial	Santiago de Compostela	A Coruña
Cidade da Cultura de Galicia	Cultural	Santiago de Compostela	A Coruña
Categdral de Santiago de Compostela	Cultural	Santiago de Compostela	A Coruña
Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia	Cultural	Santiago de Compostela	A Coruña
Auditorio de Galicia	Cultural	Santiago de Compostela	A Coruña
Museo do Pobo Galego	Cultural	Santiago de Compostela	A Coruña
Museo de Historia Natural	Cultural	Santiago de Compostela	A Coruña
USC - Campus Norte	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
USC - Campus Sur	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CIFP Instituto de Formación Profesional Compostela	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CEE A Barcia	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
Centro Superior de Hostalería de Galicia	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CEE O Pedroso	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CIFP Compostela	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CIFP Politécnico de Santiago	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CIFP Santiago	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Fesán	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Forhermo	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Juniors	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Manuel Peleteiro	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR O Raio Verde	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Plurilingüe Compañía de María	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Plurilingüe La Salle	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Plurilingüe San Pelayo	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR PREMIR	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Quelqum Formación Profesional	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña

Denominación	Actividade	Concello	Provincia
CPR Reyblanc	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Santa Apolonia	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Seminario Menor Diocesano A Asunción	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
CPR Tesdai	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
EASD Mestre Mateo	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
IES A Pontepedriña	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
IES Antonio Fraguas Fraguas	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
IES Arcebispo Xelmírez I	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
IES Arcebispo Xelmírez II	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
IES As Fontiñas	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
IES de Sar	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
IES Eduardo Pondal	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
IES Lamas de Abade	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
IES Plurilingüe Rosalía de Castro	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
IES San Clemente	Educativa	Santiago de Compostela	A Coruña
Auditorio de Monte do Gozo	Entretemento	Santiago de Compostela	A Coruña
Complexo Deportivo Santa Isabel	Entretemento	Santiago de Compostela	A Coruña
Multiusos Fontes do Sar	Entretemento	Santiago de Compostela	A Coruña
Estadio Multiusos de San Lázaro	Entretemento	Santiago de Compostela	A Coruña
Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS)	Sanitaria	Santiago de Compostela	A Coruña
Hospital Gil Casares	Sanitaria	Santiago de Compostela	A Coruña
Hospital Provincial de Conxo	Sanitaria	Santiago de Compostela	A Coruña
Hospital Psiquiátrico de Conxo	Sanitaria	Santiago de Compostela	A Coruña
Hospital da Choupana	Sanitaria	Santiago de Compostela	A Coruña
Hospital Modelo A Rosaleda	Sanitaria	Santiago de Compostela	A Coruña
Hospital Modelo La Esperanza	Sanitaria	Santiago de Compostela	A Coruña
Aeroporto de A Lavacolla	Transporte	Santiago de Compostela	A Coruña
Estación Intermodal de Santiago	Transporte	Santiago de Compostela	A Coruña
Aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña	Transporte	Santiago de Compostela	A Coruña
Aparcadoiro de Santa Marta	Transporte	Santiago de Compostela	A Coruña
Concello de Teo	Administrativa	Teo	A Coruña
CPR Fundación Laboral da Construcción	Educativa	Teo	A Coruña
IES de Cacheiras	Educativa	Teo	A Coruña
CEIP Plurilingüe A Igrexa-Calo	Educativa	Teo	A Coruña
CEIP Plurilingüe da Ramallosa	Educativa	Teo	A Coruña
CEIP Plurilingüe Os Tilos	Educativa	Teo	A Coruña
CEPREX Chester College Inernational School	Educativa	Teo	A Coruña
CPR Fuego y Mar	Educativa	Teo	A Coruña
CRA de Teo	Educativa	Teo	A Coruña
Consultorio de Cacheiras	Sanitaria	Teo	A Coruña
Centro de Saúde de Folgueiras - Calo	Sanitaria	Teo	A Coruña
Consultorio dos Tilos	Sanitaria	Teo	A Coruña
Consultorio de Pontevea	Sanitaria	Teo	A Coruña

As distancias entre os diferentes concellos que forman parte do ámbito territorial deste Proxecto de Explotación son as seguintes:

Concello	A Pobra do Caramiñal	Ames	Boiro	Dodro	Lousame	Noia	Padrón	Porto do Son	Rianxo	Ribeira	Rois	Santiago de Compostela	Teo
A Pobra do Caramiñal	0,00												
Ames	48,51	0,00											
Boiro	7,04	41,50	0,00										
Dodro	32,54	15,88	25,53	0,00									
Lousame	23,42	32,84	16,60	26,93	0,00								
Noia	22,99	33,01	16,18	27,80	3,29	0,00							
Padrón	33,83	14,76	26,82	1,27	26,13	27,01	0,00						
Porto do Son	22,36	36,47	29,22	42,13	17,86	14,59	41,33	0,00					
Rianxo	18,20	35,22	11,19	19,25	19,46	20,04	20,54	33,52	0,00				
Ribeira	7,54	57,70	16,23	41,73	32,60	32,18	43,02	20,88	27,38	0,00			
Rois	36,86	17,51	29,90	15,27	16,30	16,47	14,48	30,77	30,77	46,05	0,00		
Santiago de Compostela	58,07	5,46	51,06	21,22	36,26	36,43	20,09	50,95	44,78	67,25	20,55	0,00	
Teo	50,54	6,60	43,53	17,91	38,37	38,54	16,79	53,06	37,26	59,73	23,57	8,12	0,00

Ata a entrada en servizo da concesión de servizos á que se refire este Proxecto de Explotación, os servizos de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, de carácter interurbano, no seu ámbito territorial, prestábanse a través da seguinte concesión:

Clave	Denominación
XG847	Comarca do Barbanza

1.2.2 NECESIDADE DO SERVIZO

Os servizos a realizar de acordo con este Proxecto de Explotación considéranse de utilidade pública e de interese xeral, polo que se definen como un servizo público e, en consecuencia, establécese unha obriga de servizo público para a súa prestación.

En relación co servizo que se viña prestando ata a entrada en servizo da concesión de servizos á que fai referencia este Proxecto de Explotación, introducíronse unha serie de cambios como consecuencia do resultado dos traballos de campo realizados no marco do Plan de Transporte Público de Galicia, co obxectivo de identificar con maior precisión as necesidades de mobilidade no ámbito territorial do Proxecto de Explotación, así como das solicitudes e peticións recibidas desde diferentes Administracións e doutros entes e colectivos interesados na mellora da mobilidade da zona.

Os principais cambios realizados resúmense do seguinte xeito:

- Introducíronse melloras na oferta de servizos mediante o axuste de horarios e calendarios con respecto a aqueles en base aos que actualmente se presta o servizo, de xeito que se consiga unha mellor adaptación da oferta prestada á demanda de mobilidade existente.

- Previuse que certos servizos sexan prestados baixo demanda, especialmente nas cabeceiras de rutas, onde a demanda de servizos é menor, ou en tempadas de baixa demanda, de tal maneira que se adapte a unha forma máis eficiente a oferta prestada á demanda de mobilidade existente, cos beneficios medioambientais que iso implica.

1.3 TRÁFICOS A REALIZAR

A relación de poboacións entre as que se realizarán os tráficos previstos neste Proxecto de Explotación móstrase no anexo de tráficos, que forma parte del.

Para un maior detalle das características da prestación destes servizos, anéxase tamén a este Proxecto de Explotación a seguinte información:

- Anexo de liñas e rutas, onde se mostra o detalle e desagregación de todas as liñas nas que se propón estruturar o servizo e das rutas asociadas a cada unha delas.

- Anexo de paradas, onde se recollen todas as paradas que configuran cada unha das rutas.

- Anexo de expedicións e calendarios, onde se detalla as expedicións a realizar para cada ruta, indicando o seu horario, a súa frecuencia semanal e o seu calendario anual. Ademais, neste anexo indícase a estimación de prazas reservadas, nunha expedición determinada, no caso de que esta preste servizos integrados.

- Planos, nos que se representan graficamente o itinerario e as paradas de cada ruta.

1.4 PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO

Aínda que o prazo de duración do contrato será o que indique o Prego de Condicións que rexa a licitación deste Proxecto de Explotación, proponse que ese prazo sexa de 4 anos e 4 meses, con posibilidade de prórroga, no caso de que así se estableza no citado Prego de Condicións.

1.5 EVOLUCIÓN DA DEMANDA

1.5.1 DEMANDA ACTUAL DE MOBILIDADE

De acordo cos datos de explotación dispoñibles dos servizos actualmente vixentes, os principais centros de atracción e xeración de viaxeiros previstos, a rede de infraestruturas de transporte existente, a distancia entre os diferentes nodos, estimouse que a demanda anual dos principais fluxos de mobilidade no ámbito territorial deste Proxecto de Explotación (tanto intramunicipais como intermunicipais), no primeiro exercicio de prestación do servizo (e sen ter en conta as reservas de prazas para escolares), serán os seguintes:

Concello	A Pobra do Caramiñal	Ames	Boiro	Dodro	Lousame	Noia	Padrón	Porto do Son	Rianxo	Ribeira	Rois	Santiago de Compostela	Teo
A Pobra do Caramiñal	2.931	337	18.173	15	2	48	744	0	2.444	52.145	0	17.427	51
Ames	207	44	867	81	0	0	4.429	0	561	515	4	4.182	891
Boiro	13.142	1.067	121.669	675	2	310	2.904	0	10.397	41.426	7	47.773	141
Dodro	13	216	455	77	0	0	2.679	0	341	51	0	2.072	4
Lousame	0	0	2	0	2	35	0	0	0	0	0	0	0
Noia	180	0	548	0	13	6.156	0	42.060	0	7.718	0	6.057	0
Padrón	796	3.474	3.366	2.957	0	0	6.087	0	3.441	2.418	132	25.755	416
Porto do Son	0	0	0	0	0	44.367	0	27.058	0	21.960	0	8.107	0
Rianxo	1.994	548	10.579	207	0	0	3.012	0	3.555	5.050	4	21.747	88
Ribeira	54.348	620	39.889	51	0	8.094	2.262	20.251	3.859	312.995	0	51.235	75
Rois	0	24	0	0	0	0	7	0	0	0	0	268	0
Santiago de Compostela	15.678	4.017	44.464	2.114	0	5.172	32.648	6.490	22.699	46.370	143	0	1.406
Teo	141	398	125	11	0	0	497	0	75	70	2	1.192	290

1.5.2 EVOLUCIÓN PREVISTA DA DEMANDA

1.5.2.1 DE USO XERAL

É necesario calcular a evolución da demanda ao longo de todo o prazo da concesión para ofrecer unha previsión axeitada dos ingresos estimados durante todo o período. Os factores que inflúen fundamentalmente na xeración e atracción de viaxes son a poboación e a competencia do transporte.

Con respecto á poboación, empregouse a previsión de crecemento interanual a nivel comarcal para os próximos seis anos. Analizouse unha relación de catro concellos que supoñen unha demanda na concesión superior ao 75%. Asignando a cada área xeográfica o valor estimado para a súa comarca, pódese establecer o crecemento (xa sexa positivo ou negativo) como combinación da súa respectiva taxa, para o que se revisaron as previsións de crecemento (ou decrecemento) segundo o Instituto Galego de Estatística.

De acordo cos estudos realizados segundo a metodoloxía indicada no parágrafo anterior, estimouse que a taxa de crecemento promedio anual da poboación, durante o prazo de duración do contrato, é a seguinte, como media ponderada para o conxunto da concesión:

Área Xeográfica	Ano	Habitantes	Variación media anual (%)
1502 Barbanza	2024	65.767	**0,090%**
	2025	65.867	
	2026	65.959	
	2027	66.034	
	2028	66.086	

Área Xeográfica	Ano	Habitantes	Variación media anual (%)
	2029	66.117	
	2030	66.124	
1511 Noia	2024	32.439	**-0,383%**
	2025	32.337	
	2026	32.229	
	2027	32.113	
	2028	31.985	
	2029	31.849	
	2030	31.700	
1514 Santiago de Compostela	2024	173.051	**0,387%**
	2025	173.933	
	2026	174.749	
	2027	175.487	
	2028	176.128	
	2029	176.667	
	2030	177.111	
1515 O Sar	2024	15.234	**-0,957%**
	2025	15.088	
	2026	14.945	
	2027	14.803	
	2028	14.663	
	2029	14.522	
	2030	14.380	

Área Xeográfica	% Viaxeiros total concesión	% Viaxeiros selección	Variación media anualizada (%)
1502 Barbanza	56,55%	71,56%	0,090%
1511 Noia	8,70%	11,01%	-0,383%
1514 Santiago de Compostela	13,77%	17,42%	0,387%
1515 O Sar	-	-	-
Total	**79,02%**	**100,00%**	**0,090%**

Con respecto ao transporte público, o Consello da Xunta de Galicia aprobou, o día 6 de maio de 2024, a Estratexia Galega de Mobilidade (en diante, EGM), ferramenta para a coordinación das políticas en materia de mobilidade en Galicia, entre as que se atopan o Plan do Transporte Público de Galicia (en diante, PTPG). Un dos obxectivos estratéxicos que se recolle na EGM é potenciar o uso do transporte público, para o que se fixa o obxectivo de acadar un 10% de viaxes en transporte público para o ano 2030.

De acordo co obxectivo publicado na EGM, estimouse que a taxa de crecemento anual da demanda de transporte público, durante o prazo de duración do contrato, é a seguinte, como media ponderada para o conxunto da concesión:

Datos EGM	Dato
EGM 2019 - Porcentaxe de viaxes en transporte público	6,425%
EGM 2030 - Porcentaxe de viaxes en transporte público	10,000%
Taxa de crecemento promedio anual da demanda de transporte público	**4,104%**

Finalmente, estimouse que a taxa de crecemento anual da demanda de viaxeiros de uso xeral (sen ter en conta as reservas de praza para escolares), durante o prazo de duración do contrato, é o resultado de considerar ambas taxas simultaneamente, como media ponderada para o conxunto da concesión:

Concepto	Taxa media anual (%)
Taxa de crecemento promedio anual da poboación	0,090%
Taxa de crecemento promedio anual da demanda de transporte público	4,104%
Taxa de crecemento promedio anual	**4,194%**

1.5.2.2 RESERVAS DE PRAZA

No contrato ao que se refire este Proxecto de Explotación prevense unha serie de liñas nas que a Administración realizará reservas de praza en favor de escolares, polo que é precisa unha análise da demanda dese segmento de persoas usuarias e da súa previsible evolución no futuro.

En primeiro lugar, segundo os datos máis recentes dos que dispón a Administración, a demanda diaria de reservas de praza a favor de escolares que se realizará nas liñas que forman parte deste Proxecto de Explotación, sen considerar a porcentaxe de absentismo escolar, é a seguinte:

Concello	2025
Boiro	1.178
Rianxo	573
Ribeira	450
Total	**2.201**

Por outra banda, para avaliar a previsible evolución desa demanda, relacionouse a previsión desta demanda coa proxección de poboación en idade de ensinanza obrigatoria (entre 6 e 16 anos) para cada unha das comarcas de Galicia que forman parte do ámbito do Proxecto de Explotación, realizada polo Instituto Galego de Estatística para o período que abarca dende o 2025 e o 2030 (inicio e fin da concesión).

Neste sentido, empregouse a previsión de crecemento interanual a nivel comarcal para os próximos seis anos. Analizouse a relación dos tres concellos nos que se prevén reservas de praza a favor de escolares. Asignando a cada área xeográfica o valor estimado para a súa comarca, pódese establecer o crecemento (xa sexa positivo ou negativo) como combinación da súa respectiva taxa, para o que se revisaron as previsións de crecemento (ou decrecemento) segundo o Instituto Galego de Estatística.

Finalmente, de acordo cos estudos realizados segundo a metodoloxía indicada nos parágrafos anteriores, estimouse que a taxa de crecemento anual da demanda de viaxeiros escolares, durante o prazo de duración do contrato, é a seguinte, como media ponderada para o conxunto da concesión:

Área Xeográfica	Ano	Habitantes (1)	Variación media anual (%)
1502 Barbanza	2024	5.522	**-2,082%**
	2025	5.396	
	2026	5.279	
	2027	5.167	
	2028	5.052	
	2029	4.959	
	2030	4.867	
1511 Noia	2024	2.354	**-3,172%**
	2025	2.285	
	2026	2.218	
	2027	2.148	
	2028	2.075	
	2029	2.009	
	2030	1.940	
1514 Santiago de Compostela	2024	16.066	**-2,394%**
	2025	15.725	
	2026	15.375	
	2027	15.010	
	2028	14.616	
	2029	14.262	
	2030	13.892	
1515 O Sar	2024	1.190	**-3,837%**
	2025	1.148	
	2026	1.105	
	2027	1.063	
	2028	1.020	
	2029	980	
	2030	941	

(1) Os datos refírense a habitantes de entre 5 e 14 anos sendo esta a franxa de idade máis próxima á poboación de idade de ensinanza obrigatoria (entre 6 e 16 anos) da que existen datos no Instituto Galego de Estatística.

Área Xeográfica	% Viaxeiros escolares total concesión	% Viaxeiros escolares selección	Variación media anualizada (%)
1502 Barbanza	100,00%	100,00%	-2,082%
1511 Noia	-	-	-
1514 Santiago de Compostela	-	-	-
1515 O Sar	-	-	-
Total	**100,00%**	**100,00%**	**-2,082%**

1.6 VIABILIDADE

A viabilidade e sustentabilidade deste Proxecto de Explotación xustifícase a continuación, de acordo con as perspectivas económica, técnica, física, ambiental e social, concluíndo de forma favorable en todos os aspectos analizados.

1.6.1 VIABILIDADE E SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

Tal e como se pode deducir do estudo económico-financeiro que forma parte deste Proxecto de Explotación, e de acordo á estrutura de custos e ingresos previstos detallados no mesmo, o servizo deseñado non resulta rendible de por si. Así, para que un operador estea disposto a prestalo servizo nas condicións previstas, a maiores da recadación que obteña polas tarifas que lle corresponden en virtude do réxime que se estableza no Prego de Condicións, debe percibir da Administración unha compensación derivada do cumprimento das obrigacións de servizo público que se lle impoñen, de acordo ao previsto no Regulamento (CE) nº 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada e polo que se derrogan os Regulamentos (CEE) nº 1191/69 e (CEE) nº 1107/70 do Consello (en diante, Regulamento (CE) nº 1370/2007).

1.6.2 VIABILIDADE TÉCNICA

Para a redacción do Proxecto de Explotación realizouse un estudo profundo das necesidades de mobilidade dos cidadáns, e consultouse aos principais responsables dos concellos e centros de atracción e xeración de viaxes aos que se presta servizo. O resultado de todos os estudos realizados é que a necesidade técnica do servizo deseñado quedou contrastada.

Por outra banda, o deseño do servizo, tal e como se prevé neste Proxecto de Explotación, realizouse de tal forma que é tecnicamente viable a súa prestación cos medios humanos, materiais e tecnolóxicos previstos nel.

1.6.3 VIABILIDADE OPERACIONAL

Os servizos previstos segundo este Proxecto de Explotación foron deseñados de tal forma que discorran en todo momento por estradas accesibles e adecuadas aos tipos de vehículos esixidos.

1.6.4 VIABILIDADE AMBIENTAL

Este Proxecto de Explotación está comprendido dentro da reordenación integral das concesións de transporte público regular por estrada de viaxeiros de uso xeral de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, que vén prevista no Plan de Transporte Público de Galicia. Un dos obxectivos estratéxicos desta reordenación integral está baseado na implantación de medidas medioambientais máis eficientes e sostibles, como son a disposición de servizos exclusivos baixo demanda ou a integración de servizos, dando lugar a un uso máis adecuado da capacidade dispoñible do sistema público de transporte de Galicia.

1.6.5 VIABILIDADE SOCIAL

Tal e como figura reflectido neste Proxecto de Explotación, e tras o estudo das necesidades de mobilidade específicas do seu ámbito territorial, os servizos deseñados responden as necesidades sociais identificadas, co obxectivo de mellorar a conexión territorial, as interconexións entre os nodos de transporte e centros de atracción e xeración de viaxes de referencia na rexión, mellorar as conexións cos centros provedores de servizos básicos e ofrecer un servizo seguro e accesible á cidadanía de Galicia.

1.7 CONDICIÓNS DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

1.7.1 RÉXIME DE EXPLOTACIÓN

De acordo co Regulamento (CE) nº 1370/2007, cos artigos 15, 197 e 285 da LCSP e co que indique o Prego de Condicións, o réxime de explotación do Contrato de concesión de servizos que se derivará deste Proxecto de Explotación é a risco e ventura do Contratista, transferíndolle a este, a través do Contrato, o risco operacional, que inclúe tanto o risco de demanda como o risco de subministración.

1.7.2 VEHÍCULOS

As características técnicas mínimas dos vehículos necesarios para a prestación do servizo serán as que queden reflectidas no Prego de Condicións que rexerá o contrato derivado deste Proxecto de Explotación.

De forma particular, e atendendo ao número de viaxeiros estimado nestas liñas, o número e tamaño mínimo de vehículos necesarios (así como dos vehículos de reserva) para a prestación do servizo é o seguinte:

Nº de prazas	Nº de vehículos		
	Mínimo	Reserva	Total
>55	25	3	28
39-55	10	1	11
26-38	8	1	9
10-25	0	0	0
Total	**43**	**5**	**48**

1.7.3 RECURSOS HUMANOS

As condicións mínimas esixibles en materia de recursos humanos serán as que queden reflectidas no Prego de Condicións que rexerá o Contrato que se derive deste Proxecto de Explotación.

De forma particular, as necesidades mínimas estimadas de persoal necesario (condutores, acompañantes...) para a prestación do servizo son as seguintes:

Función	Número mínimo
Condutores/as	51
Acompañantes	19

1.7.4 INSTALACIÓNS

Para a prestación dos servizos deseñados neste Proxecto de Explotación, non está prevista a necesidade de dispoñer ningunha instalación específica, á marxe das que, para a adecuada prestación do servizo, necesite o Contratista, de acordo con o indicado no Prego de Condicións.

1.7.5 TARIFAS

1.7.5.1 TARIFAS XERAIS

Un dos obxectivos estratéxicos que se pretende alcanzar co Plan de Transporte Público de Galicia é a homoxeneización das tarifas para toda a cidadanía de Galicia. Nese sentido, as tarifas aplicables ao Contrato que se derive deste Proxecto de Explotación obtéñense, de acordo co que se indique no Prego de Condicións, dos seguintes datos de partida:

Tarifas		**Sen IVE**	**Con IVE**
Tarifa partícipe		0,080 €	0,088 €
Tarifa mínima	Pago en efectivo	1,455 €	1,600 €
	Pago con tarxeta TMG ou análoga	1,309 €	1,440 €
Imposto sobre o Valor Engadido			10,00%

E, tendo en conta as distancias existentes entre as principais poboacións de cada un dos concellos incluídos no ámbito territorial deste Proxecto de Explotación, as tarifas de equilibrio contractual a percibir polo Contratista (tarifas-empresa, en diante) resultantes (IVE incluído), son as seguintes, en función de que o pago se realice en efectivo ou cunha tarxeta do Transporte Metropolitano de Galicia (tarxeta TMG, en diante) ou con calquera outro medio de pago análogo que a Administración habilite para iso ou para substituíla, segundo o indicado no Prego de Condicións:

Pago en efectivo (billete sinxelo)													
Concello	**A Pobra do Caramiñal**	**Ames**	**Boiro**	**Dodro**	**Lousame**	**Noia**	**Padrón**	**Porto do Son**	**Rianxo**	**Ribeira**	**Rois**	**Santiago de Compostela**	**Teo**
A Pobra do Caramiñal	1,60 €	4,75 €	1,60 €	3,15 €	2,10 €	2,10 €	3,15 €	2,10 €	1,60 €	1,60 €	3,15 €	5,25 €	4,75 €
Ames	4,75 €	1,60 €	3,70 €	1,60 €	3,15 €	3,15 €	1,60 €	4,20 €	3,15 €	5,25 €	1,60 €	1,60 €	1,60 €
Boiro	1,60 €	3,70 €	1,60 €	2,10 €	1,60 €	1,60 €	2,65 €	2,65 €	1,60 €	1,60 €	2,65 €	4,75 €	4,20 €
Dodro	3,15 €	1,60 €	2,10 €	1,60 €	2,65 €	2,65 €	1,60 €	3,70 €	1,60 €	3,70 €	1,60 €	2,10 €	1,60 €
Lousame	2,10 €	3,15 €	1,60 €	2,65 €	1,60 €	1,60 €	2,65 €	1,60 €	1,60 €	3,15 €	1,60 €	3,15 €	3,70 €
Noia	2,10 €	3,15 €	1,60 €	2,65 €	1,60 €	1,60 €	2,65 €	1,60 €	2,10 €	3,15 €	1,60 €	3,15 €	3,70 €
Padrón	3,15 €	1,60 €	2,65 €	1,60 €	2,65 €	2,65 €	1,60 €	3,70 €	2,10 €	4,20 €	1,60 €	2,10 €	1,60 €
Porto do Son	2,10 €	4,20 €	2,65 €	3,70 €	1,60 €	1,60 €	3,70 €	1,60 €	3,15 €	2,10 €	2,65 €	4,75 €	4,75 €
Rianxo	1,60 €	3,15 €	1,60 €	1,60 €	1,60 €	2,10 €	2,10 €	3,15 €	1,60 €	2,65 €	2,65 €	4,20 €	3,70 €

Pago en efectivo (billete sinxelo)													
Concello	A Pobra do Caramiñal	Ames	Boiro	Dodro	Lousame	Noia	Padrón	Porto do Son	Rianxo	Ribeira	Rois	Santiago de Compostela	Teo
Ribeira	1,60 €	5,25 €	1,60 €	3,70 €	3,15 €	3,15 €	4,20 €	2,10 €	2,65 €	1,60 €	4,20 €	6,30 €	5,80 €
Rois	3,15 €	1,60 €	2,65 €	1,60 €	1,60 €	1,60 €	1,60 €	2,65 €	2,65 €	4,20 €	1,60 €	2,10 €	2,10 €
Santiago de Compostela	5,25 €	1,60 €	4,75 €	2,10 €	3,15 €	3,15 €	2,10 €	4,75 €	4,20 €	6,30 €	2,10 €	1,60 €	1,60 €
Teo	4,75 €	1,60 €	4,20 €	1,60 €	3,70 €	3,70 €	1,60 €	4,75 €	3,70 €	5,80 €	2,10 €	1,60 €	1,60 €

Pago con tarxeta TMG													
Concello	A Pobra do Caramiñal	Ames	Boiro	Dodro	Lousame	Noia	Padrón	Porto do Son	Rianxo	Ribeira	Rois	Santiago de Compostela	Teo
A Pobra do Caramiñal	1,44 €	4,28 €	1,44 €	2,84 €	1,89 €	1,89 €	2,84 €	1,89 €	1,44 €	1,44 €	2,84 €	4,73 €	4,28 €
Ames	4,28 €	1,44 €	3,33 €	1,44 €	2,84 €	2,84 €	1,44 €	3,78 €	2,84 €	4,73 €	1,44 €	1,44 €	1,44 €
Boiro	1,44 €	3,33 €	1,44 €	1,89 €	1,44 €	1,44 €	2,39 €	2,39 €	1,44 €	1,44 €	2,39 €	4,28 €	3,78 €
Dodro	2,84 €	1,44 €	1,89 €	1,44 €	2,39 €	2,39 €	1,44 €	3,33 €	1,44 €	3,33 €	1,44 €	1,89 €	1,44 €
Lousame	1,89 €	2,84 €	1,44 €	2,39 €	1,44 €	1,44 €	2,39 €	1,44 €	1,44 €	2,84 €	1,44 €	2,84 €	3,33 €
Noia	1,89 €	2,84 €	1,44 €	2,39 €	1,44 €	1,44 €	2,39 €	1,44 €	1,89 €	2,84 €	1,44 €	2,84 €	3,33 €
Padrón	2,84 €	1,44 €	2,39 €	1,44 €	2,39 €	2,39 €	1,44 €	3,33 €	1,89 €	3,78 €	1,44 €	1,89 €	1,44 €
Porto do Son	1,89 €	3,78 €	2,39 €	3,33 €	1,44 €	1,44 €	3,33 €	1,44 €	2,84 €	1,89 €	2,39 €	4,28 €	4,28 €
Rianxo	1,44 €	2,84 €	1,44 €	1,44 €	1,44 €	1,89 €	1,89 €	2,84 €	1,44 €	2,39 €	2,39 €	3,78 €	3,33 €
Ribeira	1,44 €	4,73 €	1,44 €	3,33 €	2,84 €	2,84 €	3,78 €	1,89 €	2,39 €	1,44 €	3,78 €	5,67 €	5,22 €
Rois	2,84 €	1,44 €	2,39 €	1,44 €	1,44 €	1,44 €	1,44 €	2,39 €	2,39 €	3,78 €	1,44 €	1,89 €	1,89 €
Santiago de Compostela	4,73 €	1,44 €	4,28 €	1,89 €	2,84 €	2,84 €	1,89 €	4,28 €	3,78 €	5,67 €	1,89 €	1,44 €	1,44 €
Teo	4,28 €	1,44 €	3,78 €	1,44 €	3,33 €	3,33 €	1,44 €	4,28 €	3,33 €	5,22 €	1,89 €	1,44 €	1,44 €

Os niveis de compensación aplicables ao contrato identificaranse con estas tarifas-empresa (diferenciando entre os casos de pago en efectivo e pago con tarxeta TMG), e o seu réxime de aplicación, tanto en termos xerais como nas áreas de transporte constituídas en cada momento, así como o réxime para o cálculo e aboamento das compensacións correspondentes, rexerase polo que se indique ao respecto no Prego de Condicións que rexerá o contrato derivado deste Proxecto de Explotación.

As tarifas-empresa antes citadas, os niveis de compensación asociados a elas e as tarifas por usuario/a con reserva de praza realizada pola Administración experimentarán un primeiro incremento previsto (non unha revisión) do 1% o 1 de xaneiro do ano seguinte ao primeiro ano natural no que o servizo se comece a prestar. Posteriormente, o 1 de xaneiro de cada un dos

anos seguintes produciríanse sucesivos incrementos previstos (non revisións) do 1% cada ano. A forma de aplicar eses incrementos a cada unha das tarifas e/o niveis de compensación será a que se indique no Prego de Condicións.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, e no suposto de que o inicio efectivo da prestación do servizo se demore respecto da programación inicialmente prevista, co obxectivo de garantir a homoxeneidade do sistema tarifario en cada anualidade de prestación, as tarifas e/ou niveis de compensación experimentarán, con carácter xeral, os mesmos incrementos e criterios de actualización que se establezan para o conxunto das concesións do Plan de Transporte Público de Galicia, nos termos e condicións que determine a Administración.

Pola súa banda, as tarifas que deberán aboar as persoas usuarias serán as establecidas, en cada caso, pola Administración, de acordo co que se indique no Prego de Condicións.

A capacidade da Administración para establecer as tarifas que deberán aboar as persoas usuarias en cada caso inclúe a posibilidade de implantar sistemas de bonificación xerais, como os que se aplican nas Áreas de Transporte Metropolitano existentes en cada momento, ou en áreas de transporte análogas que as substitúan, así como bonificacións e/ou tarifas especiais de carácter social, vinculadas a políticas ou actuacións transversais dos poderes públicos no ámbito social. En ambos casos, cando as tarifas que estableza a Administración para as persoas usuarias non coincidan coas tarifas-empresa establecidas segundo este Proxecto de Explotación e o Prego de Condicións, estas últimas constituirán os niveis de compensación do contrato, e actuarase segundo o que regule, para eses casos, o citado Prego de Condicións.

1.7.5.2 TARIFAS BONIFICADAS

A parte das tarifas xerais ás que se fai referencia no apartado anterior, o contratista, de acordo con este Proxecto de Explotación e co que se indique no Prego de Condicións, deberá comercializar os seguintes títulos de transporte con tarifas bonificadas:

- Bonos mensuais para a realización de ata 50 viaxes, independentemente de que sexan de ida ou volta, cun desconto do 50% en cada un deles sobre a tarifa-empresa correspondente ao prezo do billete sinxelo pagado en efectivo, e cun prezo mínimo de 50 € por bono e mes, para calquera das relacións de tráfico entre calquera par de termos municipais que formen parte do ámbito territorial do contrato (incluíndo os traxectos dentro do mesmo termo municipal).

Ademais, tamén serán de aplicación aquelas outras tarifas bonificadas que, de acordo co que se indique no Prego de Condicións, e aínda que non estean previstas neste Proxecto de Explotación, o adxudicatario propoña comercializar como parte da súa oferta.

1.7.6 SISTEMAS TECNOLÓXICOS REQUIRIDOS

As condicións mínimas esixibles en materia de sistemas tecnolóxicos para a prestación do servizo serán as que se indiquen en Prego de Condicións que rexerá o Contrato que se derive deste Proxecto de Explotación.

1.7.7 TRANSPORTE INTEGRADO

1.7.7.1 CENTROS EDUCATIVOS ATENDIDOS

A relación de centros educativos que se atenden a través de servizos integrados que forman parte de este Proxecto de Explotación amósanse no anexo de centros educativos que forma parte de el.

1.7.7.2 RÉXIME DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

O réxime de prestación dos servizos integrados que forman parte de este Proxecto de Explotación será o que se detalle no apartado correspondente do Prego de Condicións que rexirá o Contrato que se derive deste Proxecto de Explotación.

1.7.8 TRANSPORTE BAIXO DEMANDA

O réxime de prestación dos servizos baixo demanda que forman parte deste Proxecto de Explotación será o que se detalle no apartado correspondente do Prego de Condicións que rexirá o Contrato que se derive deste Proxecto de Explotación.

1.7.9 SUCESIÓN DE EMPRESAS

A relación de servizos preexistentes (tanto de uso regular como de uso especial) dos que este Proxecto de Explotación é continuador e a identificación das empresas que os vén prestando ata o momento é a seguinte:

Clave	Denominación	Empresa
XG847	Comarca do Barbanza	UTE XG-847

Os datos dos medios humanos que, de acordo con a información subministrada polos respectivos prestatarios actuais do servizo, serían obxecto de subrogación ao Contrato que se derive do Proxecto de Explotación, de acordo con o previsto nos acordos marco e nos convenios colectivos que recollen obrigacións convencionais de subrogación aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia, recolleranse no anexo de persoal a subrogar que formará parte del.

1.8 TIPO DE ADXUDICACIÓN PROPOSTA

Proponse que a adxudicación do Contrato que se derive deste Proxecto de Explotación leve a cabo mediante o procedemento aberto utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, tal e como se define na LCSP, dado que ese procedemento está, por tanto, aberto a calquera operador, é equitativo e respecta os principios de transparencia e non discriminación. Con iso, dáse cumprimento ao esixido nos apartados 1 e 3 do artigo 5 do Regulamento (CE) nº 1370/2007, no artigo 73.1 da LOTT e no artigo 76.1 da Lei 2/2017.

2 ANEXOS

2.1 TRÁFICOS

A relación de poboacións entre as que se realizarán os tráficos previstos neste Proxecto de Explotación é a seguinte:

Concello	A Pobra do Caramiñal	Ames	Boiro	Dodro	Lousame	Noia	Padrón	Porto do Son	Rianxo	Ribeira	Rois	Santiago de Compostela	Teo
A Pobra do Caramiñal	C												
Ames	S	C											
Boiro	C	S	C										
Dodro	S	S	S	S									
Lousame	S	-	C	-	C								
Noia	S	-	C	-	C	C							
Padrón	S	C	S	S	-	-	C						
Porto do Son	S	-	S	S	-	C	-	C					
Rianxo	C	S	C	S	-	-	S	S	C				
Ribeira	C	S	C	S	-	S	S	C	C	C			
Rois	S	C	S	S	-	-	C	-	S	S	-		
Santiago de Compostela	S	C	S	S	-	C	C	S	S	S	C	N	
Teo	S	C	S	S	-	-	C	-	S	S	C	C	C

Na táboa anterior, indícanse tanto aquelas relacións de tráfico que están permitidas (S), como as que están prohibidas (N), por preverse a súa prestación a través doutros contratos, ou por ser competencia doutras administracións.

Tamén existen relacións de tráfico sobre as que non se fai unha indicación expresa (-), dado que non está prevista a súa prestación directa nin a través do contrato que se derivará deste Proxecto de Explotación nin a través doutros.

Por último, cando está previsto que algunha das relacións de tráfico permitidas se preste de forma compartida (aínda que sexa parcialmente) con algún outro operador, tamén se indica nese sentido na táboa (C). Os casos nos que está previsto unha prestación compartida de determinados tráficos, neste Proxecto de Explotación, son os seguintes:

